

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Virxe das Candelas de Vilaescura

A imaxe da Virxe das Candelas de Vilaescura, Sober (Lugo) veu de Espasantes. Desde alí víñase lavar a unha fontela que había nos Estrullleitos, próxima á igrexa. Nese lugar fixéraselle unha capeliña aínda que agora está na igrexa parroquial. Naquela fontela íase lavar a xente para curar a reuma ata que a sanidade oficial prohibiu o uso por risco de infeccións. O día que cerraron aquilo houbo unha gran treboada e o home que facía a obra quedou trémulo para o resto da vida.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Grupo O TRÍCOLE, Documento inédito sobre as lendas de Sober.